

A12X00511

Servizo da Propiedade Forestal
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

C04.0295

Expediente: IN 408A 2020/25

ASUNTO: Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico PIAGO e a súa infraestrutura eléctrica de evacuación.

INF_125/2021

O día 25 de xuño de 2021 ten entrada neste servizo unha solicitude de Estudo de Impacto Ambiental, remitida polo Servizo de Propiedade Forestal, sobre o “Parque eólico PIAGO e a súa infraestrutura eléctrica de evacuación” nos concellos de Cervo, Xove, Viveiro e O Valadouro desta provincia.

OBXECTO E DESCRICIÓN DO PROXECTO

O parque eólico “Piago” de 27,6 MW de potencia nominal e a súa infraestrutura de evacuación asociada está situado nos concellos de Cervo, Xove, Viveiro e O Valadouro na provincia de Lugo, en desenrolo por parte de Naturgy Renovables que está participada pola empresa Naturgy, denominada Gas Natural Fenosa ata o 27 de xuño de 2018.

A enerxía xerada se verterá a través do centro de seccionamento do propio parque de 30KV. A enerxía xerada se transportará mediante unha liña eléctrica aéreo-subterránea a 30KV con un tramo inicial de 130 m. de lonxitude subterráneo que vai dende o centro de seccionamento ata o apoio 1 da liña aérea de evacuación. Dende este apoio inicial, se proxectan aproximadamente 6.800 m de liña aérea ata o último apoio, a partir do cal, un tramo subterráneo conecta coa nova subestación eléctrica elevadora 30/132KV (SET 30/132 KV PE BUIO-SE BOIMENTE) propiedade de Viesgo Distribución Eléctrica S.L. Para elo, proxectase a





construción dun tramo de liña de 132 KV de 0,3 km que conectará o apoio de entronque da mencionada LAT coa SET 30/132 KV PIAGO.

Ademais, para alimentar os servizos auxiliares da SET 30/132 KV PIAGO, prevese construír unha liña a 20 KV de 1,87 km. que partirá de dita subestación e finalizará nun apoio de entronque da LMT que alimenta ao CT “Tuberas de Buio”.

O Parque Eólico, de 27,6 MW de potencia eléctrica bruta, estará integrado por 8 aeroxeneradores tripala de velocidade variable e paso variable, de 3.450 KV de potencia nominal unitaria. Cada aeroxenerador produce enerxía a 690 V, a que se eleva a 30 KV no transformador de 3.750 kVA de potencia aparente que forma parte dos equipos do aeroxenerador. Os aeroxeneradores se conectarán entre si a través dos correspondentes condutores soterrados e cabinas de entrada-saída de liña, de xeito que se constituirán varias liñas de xeración en 30 KV. Iestas liñas se tenderán soterradas ata o centro de seccionamento do parque eólico.

PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS	
Número de aeroxeneradores	8
Potencia nominal unitaria (KW)	3.450
Potencial total instalada (MW)	27,6
Altura de buje (m)	154
Diámetro do rotor (m)	138
Producción media bruta (MWh/ano)	123.938
Producción media neta o vertida a rede(MWh/ano)	109.564
Horas equivalentes a potencia nominal (h)	3.970

As coordenadas (ETRS 1989 H29N) definen a poligonal do parque.

Vértice polígono	X UTM	Y UTM
A	623900	4828800
B	623900	4833700
C	628600	4833700
D	628600	4831600
E	626200	4830600
F	625500	4828600





Posición dos aeroxeneradores.

AEROXENERADOR	X	Y	CONCELLO
L4-01	626292	4832993	Cervo
L4-02	626042	4832524	Cervo
L4-03	625425	4831920	Cervo
L4-04	625292	4831511	Cervo
L4-05	624903	4830769	Cervo
L4-06	624880	4830342	Cervo
L4-07	624950	4829718	Cervo
L4-08	624740	4828970	Cervo
TORRE DE MEDICIÓN	625805	4832291	Cervo

As principais instalacións eléctricas que conforman o sistema de evacuación do parque eólico son:

- Centro de seccionamento (CS): instalación colectora dos circuitos de 30 KV con orixe no parque eólico Piago. Tenderá una configuración de simple barra con cabinas tipo GIS de interior, contará cos armarios de control e regulación do parque eólico.
- Liña aéreo-soterrada 30 KV (LMT 30 KV): entre o centro de seccionamento e a subestación eléctrica elevadora 30/132 KV do parque, na proximidade da LAT 132 KV PE BUIO-SE BOIMENTE. Atravesa os concellos de Cervo, Viveiro, e Xove. A liña de evacuación MT 30 KV na súa parte soterrada consta de dous tramos:
 - Tramo inicial que vai dende o centro de seccionamento do parque eólico ata o apoio 1 de paso soterrado a aéreo. Ten unha lonxitude de 149 m. (incluíndo 15 m. de subida de cable ao apoio nº 1, tipo PAS e 5 m. de entrada a centro de seccionamento e conexión con cela de liña a instalar). Este tramo está localizado no concello de Cervo na provincia de Lugo.
 - Tramo final que vai dende o apoio 32 de paso aéreo a soterrado da liña de evacuación MT 30 KV á subestación eléctrica 30/132 KV. Ten unha lonxitude de 97 m. (incluíndo 15 m. de subida de cable a poio nº 32, tipo PAS, e 5 m. de entrada á subestación e conexión con cela de liña a instalar). Este tramo está localizado no concello de Viveiro na provincia de Lugo.





- Subestación eléctrica 30/132 KV Piago: subestación de tipo HIS/GIS cuxo parque de 132 KV será cedido a Viesgo Distribución Eléctrica S.L.
- Liña aérea-soterrada de 20 KV (LMT 20 KV): entre a cela de SS.AA da SET 30/132 KV Piago e a LMT existente propiedade de Viesgo Distribución Eléctrica S.L que alimenta o CT “Tuberas de Buio”. Cabe destacar que a liña consta dun tramo soterrado de 30 m. e un tramo aéreo de 1.862 m.
- Liña aérea de 132 KV (LAT 132 KV): ten unha lonxitude de 282,50 m. non dispón de tramo soterrado e localízase no concello de Viveiro.

Para o caso de os **viais** de acceso do parque eólico estímase unha lonxitude total de 11.117 m. desagregados en 8.975 m. de viais novos e 2.141 m. de viais existentes a reparar. Defínese unha sección de ancho de viais novos, incluíndo a cuneta, de 6,50 m. e unha anchura adicional estimada de acondicionamento de viais existentes de 4 m.. En termos de superficie, a ocupación temporal dos viais, é dicir, dos taludes asociados, é de 60.159 m² mentres que a ocupación permanente correspondente ao propio vial e súa cuneta é de 58.340 m².

A superficie de **ocupación das cimentacións dos aeroxeneradores** será de 3.041 m², sendo de 380 m² por cada xenerador. O volume de escavación será 1.904 m³ por cimentación total e un volume de 655 m³ de formigón por cada cimentación. O total 15.235 m³ de volume de escavación e 5.243 m³ de volume de formigón.

Respecto á **plataforma de montaxe, montaxe e izado** do aeroxenerador, a superficie de ocupación temporal é de 29.618 m² (considerando taludes) e unha ocupación permanente de 3.041 m² para o conxunto dos aeroxeneradores do parque.

Os **edificios de control e centro de seccionamento** proxectados tenderán as seguintes dimensións totais 22,70 m. de longo por 11,155 m. de ancho por 5,35 m. de altura.

Respecto a **liña eléctrica MT 20 KV** as dimensións da gabia da liña eléctrica soterrada serán aproximadamente de 1 m. de profundidade por 0,45 m. de ancho. Respecto a liña aérea, para o acceso do persoal e maquinaria, ás localizacións dos apoios, utilizaranse os camiños existentes. Para a liña eléctrica de abastecemento estímase unha lonxitude total de 1.381 m. de viais (desagregados en 1.230 m. de viais novos e 151 m. de viais a acondicionar). Trátase





de accesos temporais que serán restaurados unha vez que rematen as obras. A zona ocupada pola base de cada apoio é de uns 7,3 m², en total 124 m², con todo, debe considerarse unha zona máis ampla para a roza da vexetación. O volume de material de escavación depende do tipo e altura do apoio, estimándose un valor medio aproximado de 1 m³ de terra para a colocación dunha torre de apoio.

A **liña eléctrica AT 132 KV** non dispón de tramo soterrado, sendo un tramo único aéreo, no que se empregará na medida do posible, os camiños existentes para o acceso as localizacións dos apoios. Para esta liña estímase unha lonxitude de total de 34 m. de viais, todos eles de nova construción. Se tratan de accesos temporais que serán restaurados unha vez finalizadas as obras. A zona ocupada pola base de cada apoio é duns 70,50 m², en total 141 m², con todo, debe considerarse unha zona máis ampla para a roza da vexetación. O volume de material de escavación depende do tipo e altura do apoio, estimándose un valor medio aproximado de 84 m³ de terra para a colocación dunha torre de apoio.

Respecto á **subestación eléctrica** levarase a cabo a roza, movemento de terras e acondicionamento e saneamento do terreo, despois se fará a explanación e acondicionamento da zona das zapatas, escavacións necesarias para cimentar farase as canalizacións eléctricas, drenaxes en gabias necesarios e arquetas de paso. Igualmente canalizacións para o abastecemento de auga e evacuación de augas residuais que recolleranse nun tanque de almacenamento de augas residuais PRFV para este fin. Tenderá as seguintes dimensións totais 22,70 m. de longo por 11,155 m. de ancho por 5,35 m. de altura.

A vida útil da instalación estímase en 20 anos e unha vez finalizada procederase ao desmantelamento das instalacións.

Analizado o **informe emitido polo Distrito Forestal VI** e as afeccións do proxecto sobre os Montes Veciñais en Man Común consisten na ocupación dos terreos derivada da propia instalación dos aeroxeneradores, así como da construción e adecuación dos correspondentes viarios de acceso, das plataformas de montaxe, das cimentacións, do centro de seccionamento e medida, das gabias de cableado e doutras áreas de ocupación temporal derivadas desa instalación.





CADRO ORIENTATIVO LONXITUDES AFECTADAS POR INFRAESTRUCTURAS LINEÁIS DO PARQUE EÓLICO PIAGO NOS MONTES VECIÑAIS E CONVENIOS				
MVMC afectado	MVMC Burgo de Trasbar (Exp.55/78)	MVMC Lombo, Gordo, Chao de Lagorzas, Cruces e Cabaleiros (Exp. 60/78)	MVMC Rañadoira, Pena Grande e Pico da Viola (Exp. 61/78)	MVMC Buio (Exp. 32/79) e convenio do Buio (2715580)
CMVMC propietaria	CMVMC San Xiao do Castelo	CMVMC Rúa	CMVMC Vilaestrofe	CMVMC Boimente
CONCELLO	Cervo	Cervo	Cervo	Viveiro
Lonxitude afectada polos viais interiores do parque (a maior parte delas con gabias paralelas para cables)	2,73 Km	4,31 Km	0,46 Km	0 Km
Plataformas de montaxe dos aéroxeneradores incluídas no esbozo do MVMC	6 plataformas parcialmente incluídas	5 plataformas parcialmente incluídas	1 plataformas parcialmente incluídas	0
Lonxitude afectada pola liña eléctrica de evacuación	0	0	0	2,06 Km no MVMC 1,30 Km en convenio
Lonxitudes de vexetación afectada polos viais interiores do parque, gabias para cables e plataformas de montaxe	0,1 Km repoboado de Eucalyptus sp 0,1 Km fustal de P. radiata 1,9 Km matogueira 0,63 Km latizal fustal frondosas autóctonas	0,40 Km latizal fustal frondosas autóctonas 3,01 Km matogueira e pasto 0,9 Km fustal P. pinaster e P. radiata	0,40 Km matogueira 0,06 Km fustal P. pinaster	0,76 Km pastos fora do convenio 0,20 Km fustal de P. radiata e P. pinaster en convenio 0,20 repoboado de P. pinaster en convenio 0,90 Km fustal de P. pinaster e P. sylvestris

No MVMC exp. 60/68 proxéctase un centro de seccionamento e edificio auxiliar que ocuparían unha superficie de 1.193,20 m².

Fora dos MVMC tamén se vería afectada polo parque eólico as seguintes lonxitudes e vexetación:

- Dúas plataformas de montaxe e dous aeroxeneradores sitúanse sobre propiedades particulares ocupadas por matogueira no concello de Cervo.





- Os viais do parque situados fora dos MVMC afectarían principalmente a 3,62 Km ocupados por propiedades particulares de eucalipto e matogueira situados principalmente no concello de Cervo.
- A liña de evacuación, do parque situado fora dos MVMC, tería uns 4,8 Km de lonxitude e afectaría fundamentalmente a propiedades particulares de eucalipto, pino e matogueira atravesando puntualmente dúas pequenas zonas de frondosas ao longo dos concellos de Xove e Cervo.
 - O proxecto non afecta a masas forestais relevantes e é compatible cos aproveitamentos forestais dos MVMC descritos.
 - Débese realizar unha relación de bens e dereitos afectados en cada parcela catastral e tramitar o correspondente acto de disposición para os catro MVMC afectados.
 - O promotor debe definir graficamente na relación e dereitos afectados as superficies nas que se debe xestionar a biomasa segundo o descrito na letra C. do artigo 20 bis da Lei 3/2007, de 9 de abril de Prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (superficies afectadas de pleno dominio e voo ao redor de cada aeroxenerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalada, nos camiños interiores das instalacións do parque e no entorno da liña eléctrica de evacuación) para non pasar as comunidades de montes veciñais e a propietarios particulares as obrigas de xestión de biomasa da instalación que pretende construír.
 - Os viais interiores do parque eólico proxectado terán un efecto positivo na prevención e extinción de incendios forestais.
 - A liña eléctrica de evacuación afecta a arborado do convenio do monte Buio (2715580 Viveiro) polo que se debe reformular a zona arborada que se verá afectada e contactar co distrito forestal para que valore o mesmo.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (DOG núm. 252, do 29 de decembro).
 - No seu artigo 45.7. Prevalencia en afeccións a montes veciñais en man común.
 - Na disposición adicional terceira. Infraestruturas de evacuación.
 - Na disposición transitoria segunda. Áreas de desenvolvemento eólico (ADE)
- Decreto 260/1992, de 4 de setembro, que regula a Lei 13/1989, de 10 outubro, de montes veciñais en man común (DOG. Núm. 186, do 23 de setembro).
 - No seu artigo 6. Expropiación Forzosa.
 - No seu artigo 7. Ocupación e servidumes.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23 de xullo).
 - No seu artigo 58. Uso e actividade forestal.
 - No seu artigo 59. Cambio de uso forestal.
 - No seu artigo 66. Informe sobre os instrumentos de ordenación do territorio e sobre o planeamento urbanístico.
 - No seu artigo 68. Distancias das repoboacións.
 - No seu artigo 68 bis. Adecuación das masas arboradas e das novas plantacións ás distancias mínimas establecidas pola normativa forestal e de defensa contra os incendios forestais.
 - No seu anexo II. Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. (DOG núm. 74 do 17 de abril).
 - No seu artigo 20. Redes primarias de faixas de xestión de biomasa.
 - No seu artigo 20 bis. Redes primarias de faixas de xestión de biomasa.
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro. (BOE núm. 294, do 6 de decembro).
 - No seu artigo 7.1. Ámbito da aplicación da AIA.
 - No seu artigo 34. Actuacións previas: consulta as administracións públicas afectadas.





- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE num. 310, do 27 de decembro) e a resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción de acordo co previsto nesta Lei (DOG núm. 54, do 19 de marzo).
 - No seu artigo 53. Autorización de instalación de transporte, de distribución, produción e liñas directas

Por todo o exposto, e ratificando os datos recollidos no informe do Distrito Forestal VI sobre o proxecto Parque Eólico Piago e a súa infraestrutura de evacuación, e polo cumprimento do artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro de avaliación ambiental

INFORMO

As superficies de afección do parque ao medio forestal virán determinadas polas áreas ocupadas directamente polo xerador de enerxía eólica e as demais infraestruturas do parque eólico, polas distancias de servidume que operen para cada elemento construtivo e ademais pola superficie necesaria para o cumprimento das distancias de plantación da Lei de Montes de Galicia e máis a normativa de prevención de incendios relativas a redes de faixas de xestión de biomasa. Será necesario constituír as faixas de biomasa descritas na Lei 3/2007 ao redor das instalacións que produzan, almacenen ou transporten enerxía eléctrica de xeito aéreo e das edificacións e camiños que se constrúan.

De acordo cos datos do Servizo de Montes e o informe emitido polo Distrito Forestal, as obras afectan a montes veciñais en man común, polo que será necesario o informe do Servizo de Montes sobre compatibilidade e prevalencia de ambas utilidades públicas.

Procedería declarar as superficies afectadas polos aeroxeradores e polos camiños do parque eólico como solo rústico de especial protección de infraestruturas. O Servizo de Montes lembra que, neste tipo de proxectos, dentro das superficies de vocación forestal, convén sempre supoñer a nova clasificación á de protección forestal de xeito, que en cada caso, prevalezan as condicións de uso máis restritivas dentro das correspondentes ás dúas clasificacións, e que os montes conserven integramente a clasificación que incide na conservación dos seus valores forestais. Ademais, este servizo considera que para estes proxectos o cambio de clasificación debería limitarse ás superficies de afección directa dos





aeroxeradores e vías, co obxecto de no perder potencial para a produción forestal nos arredores.

No redor do aeroxerador e demais estruturas do proxecto deberase cumprir a normativa de prevención de incendios forestais. No parque eólico existirán ademais, diversas instalacións que implican certo risco de ocasionar un incendio forestal, como os propios aeroxeradores ou o transformador.

Lugo,
O Xefe de Servizo de montes

Miguel Ángel Cela González

V. e pr.
A Xefa Territorial

María Olga Iglesias Fontal

